

Informe de Intervención

Asunto: Informe do mes de xullo de 2021 relativo ao cumprimento de prazos do Real decreto 635/2014.

O día 30 de xullo de 2014 publicouse no BOE núm. 184 o Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. É modificado polo RD 1040/2017.

En base ao regulado nel emíttese o seguinte

Informe

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na normativa de contratación pública aplicable, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para a súa elaboración seguiuuse o establecido no artigo 4 e 5 do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, así como a “Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL. RD 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o RD 635/2014, de 25 de xullo” publicada en febreiro de 2018 na páxina web da oficina virtual de entidades locais do Ministerio de Facenda e a contestación da Subdirección xeral de xestión orzamentaria e financeira de entidades locais de data 19 de xaneiro de 2021 á consulta de clarificación de criterios “Dies a quo” PMP, a obxecto de clarificar os criterios homoxéneos en relación co período medio de pago das corporacións locais.

O ámbito de aplicación son as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

No apartado 2 do artigo 6 do Real decreto 635/2014, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, a información relativa ao seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior, correspondendo á Deputación o período de cálculo referido ao mes tal e como regula o apartado 4 do artigo 5 do dito Real decreto.

Tamén indica que a información referida ao mes anterior publicarase nos seus portais web, seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia da mesma, antes do día trinta de cada mes.

O RD 1040/2017, polo que se modifica o RD 635/2014, axusta a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores, aclarando o modo no que se deben de computar os días de pago, así como os días pendentes de pago, cando se requira a aprobación da correspondente certificación de obra, sexa necesario acreditar a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ou non resulte de aplicación o procedemento de aceptación ou comprobación dos bens e servizos prestados. A Disposición Transitoria

	IV7FU6LDP7USJKVYXQAV4NSFIA	Fecha y Hora	30/08/2021 11:09:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FU6LDP7USJKVYXQAV4NSFIA	Página	1/3	

Única do RD 1040/2017, establece que a primeira publicación mensual do período medio de pago realizada segundo a nova metodoloxía será a referida ao mes de abril de 2018.

Para o cálculo, en tanto non se realizou a adaptación do rexistro contable de facturas, utilizouse como data de inicio do cómputo a data da aprobación, criterio utilizado por esta Entidade ata o mes de marzo de 2021. A partir desa data aplícase o criterio indicado na contestación á consulta aludida en parágrafos anteriores no que se ten en conta a data de aprobación para o inicio do cómputo de certificacións mensuais de obras (criterio xa utilizado) e a data de conformidade para as Facturas, en vez da data da súa aprobación (operacións comerciais nas que resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens entregados ou servizos prestados). Cómpre sinalar que o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (Consorcio de Bombeiros) segue a utilizar o anterior criterio de considerar a data de aprobación das facturas como inicio do cómputo en tanto non se realice a adaptación do seu programa contable.

Por todo o anterior e segundo os datos que constan no sistema de información contable da Deputación Provincial de Lugo e a información subministrada a esta intervención polo ente dependente do ente provincial, o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (Consorcio de Bombeiros), unha vez acordada a extinción da sociedade Suplusa con efectos do 30 de novembro de 2020, o período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de xullo de 2021 da Deputación de Lugo e o seu ente dependente é o seguinte:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Operacións Pdtes. de Pago	Imp. Pdtes. de Pago Mensuais	Período Medio de Pago Mensual
Deputación Prov. Lugo	21,86	2.830.104,56	34,96	973.229,31	25,21
Consorcio Bombeiros	3,00	23.019,94	19,85	83.320,56	16,20
PMP Global		2.853.124,50		1.056.549,87	24,96

Polo que respecta a **serie histórica** ata o mes de xuño de 2021, os datos son os seguintes:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Operacións Pdtes. de Pago	Importe Pdtes. de Pago Mensuais	Período Medio de Pago Mensual
Xullo de 2020					
Deputación Prov. Lugo	10,57	2.483.572,44 €	4,63	230.290,63 €	10,07
Consorcio Bombeiros	3,99	35.460,47 €	0,97	4.832,74 €	3,63
SUPLUSA	0,99	50.577,68 €	0	0,00 €	0,99
PMP Global		2.569.610,59 €		235.123,37 €	9,81
Agosto de 2020					
Deputación Prov. Lugo	9,62	912.877,60 €	12,59	1.921.760,81 €	11,63
Consorcio Bombeiros	3,13	20.571,55 €	0,97	5.944,40 €	2,65
SUPLUSA	0	122.995,38 €	0	0,00 €	0
PMP Global		1.056.444,53		1.927.705,21 €	11,07
Setembro de 2020					
Deputación Prov. Lugo	11,79	3.211.665,70	11,03	708.684,09	11,65
Consorcio Bombeiros	3,48	58.429,87	2,13	1.690,32	3,44
SUPLUSA	0,77	213,25	0,00	0,00	0,77
PMP Global		3.270.308,82		710.374,41	11,53
Outubro de 2020					
Deputación Prov. Lugo	8,49	1.690.607,27	10,57	627.922,41	9,05
Consorcio Bombeiros	4,47	69.556,81	0	0	4,47
SUPLUSA	0	293.538,28	1	310,99	0
PMP Global		2.053.702,36		628.233,40	7,94

Novembro de 2020					
Deputación Prov. Lugo	9,09	2.483.259,07	14,99	957.578,96	10,73
Consortio Bombeiros	5,11	97.016,71	0	0	5,11
SUPLUSA	0,32	3.903,02	0	0	0,32
PMP Global		2.584.178,80		957.578,96	10,56
Decembro de 2020					
Deputación Prov. Lugo	10,88	3.703.677,72	8,85	1.459.839,04	10,31
Consortio Bombeiros	2,99	55.319,98	1,00	133.139,19	1,58
PMP Global		3.758.997,70		1.592.978,23	10,00
Xaneiro de 2021					
Deputación Prov. Lugo	13,85	1.778.181,58	14,02	1.030.577,30	13,91
Consortio Bombeiros	22,04	133.314,84	34,07	268.170,83	30,08
PMP Global		1.911.496,42		1.298.748,13	15,93
Febreiro de 2021					
Deputación Prov. Lugo	6,78	2.815.275,17	38,00	605.450,16	12,31
Consortio Bombeiros	0,67	30.130,90	56,21	293.104,19	51,03
PMP Global		2.845.406,07		898.554,35	15,65
Marzo de 2021					
Deputación Prov. Lugo	16,18	2.888.533,89	3,41	661.948,95	13,80
Consortio Bombeiros	1,89	139.046,70	58,65	249.213,65	38,32
PMP Global		3.027.580,59		911.162,60	16,22
Abril de 2021					
Deputación Prov. Lugo	20,46	1.663.690,07	51,79	1.338.275,90	34,43
Consortio Bombeiros	0,47	80.851,17	71,57	273.479,68	55,35
PMP Global		1.744.541,24		1.611.755,58	36,64
Mai de 2021					
Deputación Prov. Lugo	14,00	2.645.911,83	65,54	1.179.903,44	29,90
Consortio Bombeiros	0,00	87.269,29	4,22	236.402,76	3,08
PMP Global		2.733.181,12		1.416.306,20	27,81
Xuño de 2021					
Deputación Prov. Lugo	18,26	2.414.604,97	48,86	1.114.247,44	27,92
Consortio Bombeiros	1,28	243.795,70	20,34	31.409,98	3,46
PMP Global		2.658.400,67		1.145.657,42	26,15

Por todo o exposto **proponse:**

Primeiro. Remitir a información ao Ministerio de Facenda.

Segundo. Dispoñer que se proceda á inserción da información na páxina web da Deputación.

A Interventora,

Documento asinado dixitalmente

Rosa Abelleira Fernández

	IV7FU6LDP7USJKVYXQAV4NSFIA	Fecha y Hora	30/08/2021 11:09:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FU6LDP7USJKVYXQAV4NSFIA	Página	3/3

